

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

BASES PARA PARTICIPAR NA FEIRA DO COMERCIO LOCAL 2025, ORGANIZADA POLO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Bases para participar na Feira do Comercio Local 2025, organizada polo Concello de Xinzo de Limia.

Unha vez visto o artigo 25 da Lei de bases de réxime local en relación ás competencias municipais para a promoción de actividades que satisfagan os intereses da comunidade veciñal así como as competencias en materia de feiras e mercados no marco da lexislación básica estatal e lexislación autonómica

Unha vez visto que as feiras de promoción de produtos estratéxicos e de comercio local da comarca da Limia que se levan organizado tiveron unha boa acollida, preténdese continuar coa celebración deste tipo de eventos nos vindeiros anos e fomentar a participación nos mesmos por parte dos distintos sectores, o que redundará en beneficio da economía da zona.

Co obxecto de sufragar en parte os custos de organización da feira, aprobouse a modificación da Ordenanza nº 14: reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos cuxo artigo 5 refire:

“Artigo 5. No caso de organización de feiras destinadas á promoción de produtos estratéxicos e comercio de proximidade para a Comarca da Limia, establécese a seguinte taxa de ocupación:

- a) Postos en espazos ao aire libre para a promoción de maquinaria agrícola: 300 euros por posto e feira.
- b) Postos para a promoción de produtos estratéxicos e comercio de proximidade distintos aos recollidos na letra a): 80 euros por posto e feira.

A documentación que deberán achegar os interesados, modo de adxudicación de espazos e cantas determinacións sexan precisas para a organización do evento serán determinadas nas bases que previamente aprobe o órgano competente.”

A teor do exposto, establécense as seguintes bases en relación a participación e desenvolvemento do evento:

1. Organización do evento

A organización da Feira do Comercio local e de Proximidade do ano 2025 correspóndelle ao Concello de Xinzo de Limia con sede en Curros Enríquez, número 15.

2. Datas e lugar de celebración

A Feira do Comercio Local e de Proximidade do ano 2025 terá lugar durante os días 29, 30 e 31 de agosto do ano 2025 no pavillón de deportes municipal.

3. Lugar e prazo de inscrición

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Xinzo de Limia ou en calquera dos lugares que recolle o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



A presentación poderá realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia (xinzodelimia.sedelectronica.gal).

A data límite de presentación de solicitudes será o día 27 de agosto do ano 2025.

4. Requisitos de participación. Solicitud e documentación para achegar

Poderán solicitar a participación na Feira do Comercio Local ou Proximidade os/as titulares de establecementos comerciais polo miúdo situados na comarca da Limia e arredores que teñan a condición de autónomo/a, pequena empresa ou microempresa.

A solicitud deberá realizarse de acordo o modelo recollido no Anexo I das presentes bases e á mesma achegarase:

a) Fotocopia do DNI do titular ou CIF en caso de persoas xurídicas ou asociacións.

b) Acreditación da representación coa que se actúa, no seu caso.

d) Certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Tributaria, nos que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica. A certificación o será do/a propio/a autónomo/a como persoa física ou da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica a través da que se exerza a actividade e á que estea vinculado e será emitida con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2025.

e) Acreditación do pago da taxa recollida no artigo 5 da vixente Ordenanza nº 14: reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos

d) Declaración responsable consonte ao modelo recollido no anexo I.:

5. Infraestrutura

O Concello de Xinzo de Limia pon un posto de 4mx3m a disposición de cada participante. Queda a cargo do expositor a decoración precisa para a exposición do seu produto atendendo ás indicacións da organización. Non se permitirá a montaxe de elementos construtivos ou de decoración que excedan do posto.

6. Selección de participantes

Dado que o número de postos que se porán disposición dos participantes (40 postos), así como o espazo para utilizar, son limitados, para a selección dos participantes atenderase ós seguintes criterios.

1) En primeiro lugar, terán preferencia os expositores con domicilio social no Concello de Xinzo de Limia.

2) En segundo lugar, terán preferencia os expositores con domicilio social nalgún outro concello da comarca da Limia.

3) Os restantes postos poderán ser ocupados por expositores con outros domicilios.

No caso de que tendo en conta os criterios houbera empate, será resolto mediante sorteo.

7. Montaxe

A organización establecerá os horarios para a montaxe e desmontaxe e a entrada dos materiais para expoñer. Ao fin do evento os postos e demais elementos deberán entregarse no mesmo estado no que os recibiron.



8. Atribucións da organización

No uso das súas competencias a organización poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento da feira, reservándose o dereito a realizar cambios nas datas e horarios durante o desenvolvemento da feira así como de decidir os oficios que poderán participar na feira. A distribución e localización dos postos realizarase segundo criterio da organización así como a estética dos expositores para salvagarda a imaxe do evento. A organización resérvase o dereito a fotografar ou filmar os expositores, postos e produtos expostos na feira, podendo utilizar estas imaxes nos seus documentos internos, páxina web e redes sociais, así como publicacións e promocións oficiais. Resérvase o dereito de colocar paneis de información xeral ou calquera outro elemento da exposición nos lugares que considere oportunos e non poderán cubrirse nin retirarse. A organización non será responsable das consecuencias resultantes, para o/a expositor/a, de situacións especiais ou de veciñanza pola distribución que se realice dos postos e demais espazos, así como non se fai responsable das vendas, nin dos roubos nin furtos que poidan acontecer. É de responsabilidade dos/as expositores/as a seguridade dos artigos expostos en todo momento.

Anexo I. Modelo de solicitude

Solicitude de autorización para participar na Feira do Comercio Local de Proximidade de Xinzo de Limia 2025 que se vai celebrar os días 29, 30 e 31 de agosto do ano 2025 no pavillón municipal de deportes

Solicitante:

Nome e apelidos do/a solicitante:	
DNI/NIE:	Teléfono móbil:
Enderezo:	
Correo electrónico (para notificacións):	

Representante (no seu caso):

Nome e apelidos do/a representante:	
DNI/NIE:	Teléfono móbil:
Correo electrónico (para notificacións):	



Datos da actividade económica exercida:

Domicilio da actividade:
Descrición da actividade (epígrafe IAE e denominación):

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Ser titular dun establecemento retallista situado na Comarca da Limia ou arredores.
Ter a condición de autónomo/a ou que a entidade á que represento reúne as condicións para ser considerada pequena empresa ou microempresa segundo a definición recollida no anexo I del Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión Europea.
Dispor de todas as autorizacións precisas para realizar a actividades comercial
Dispor do seguro de responsabilidade civil preciso para realizar a súa actividade e estar ao día no pago da prima
Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e o Concello así como coa nas súas obrigas coa Seguridade Social
Asumo as responsabilidades que se poidan derivar da venda/exhibición dos produtos, recoñecendo a exención da responsabilidade do Concello neste aspecto.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO:

a) Fotocopia do DNI do titular ou CIF en caso de persoas xurídicas ou asociacións.
b) Acreditación da representación coa que se actúa, no seu caso.
d) Certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Tributaria, nos que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica. A certificación será do/a propio/a autónomo/a como persoa física ou da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica a través da que se exerza a actividade e á que estea vinculado e será emitida con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2025.
e) Acreditación do pago da taxa recollida no artigo 5 da vixente Ordenanza nº 14: reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos

Xinzo de Limia, _____ de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante) (...)"

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.991

